

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O carballo casamenteiro de santo Antón de Vilar de Francos (Carballo)

O coñecido como *Carballo de santo Antón* está dentro da parcela do Pazo de Vilar de Francos, en Artes, concello de Carballo (A Coruña).

Dise que pode ter máis de 800 anos, o que o converte nunha das árbores máis antigas de Galicia e como tal figura no *Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia*. Segundo a tradición, cando santo Antonio, o de Padua ou de Lisboa (1.195-1.231), peregrinou a Compostela celebrou misa neste lugar, onde había unha pequena ermida.

Mentres o santo oficiaba, naceu debaixo do altar un carballo que co tempo, de tanto medrar, derrubou o edificio. A nova capela de santo Antón constrúese a carón e hoxe forma parte das dependencias do pazo. Este carballo superou milagrosamente varios incendios e intentos de corta.

Conta a lenda que a ferida que presenta é consecuencia dun raio que lle caeu enriba pouco despois de morrer santo Antón. E que as mozas namoradas van alí e poñéndose de costas tratan de introducir tres pedriñas no burato: hai quen di que abonda con meter unha, e outros din que son precisas sete. Se o consiguen, casan antes do ano. Se xa estivesen casadas, é que van ter un fillo. O mesmo ritual serve para pedir un desexo calquera; de atinar, por cada pedra que se lanza cumpríase o desexado. Tamén se conta que en caso de facerlle unha ferida

ou de cortarlle unha póla, o carballo derrama un líquido (prodixio atribuído ao santo Antón) que semella sangue.



BIBLIOGRAFÍA

Fernández Carrera, Xan X. (2017): *Lendas da Costa da Morte*, Embora, Ferrol.